


LESSON ACTIVITY TOOLKIT

ACTIVIDADES

O **Activity toolkit** contén diferentes plantillas configurables. Para engadir unha actividade selecciona a plantilla que queiras utilizar e colócaa na páxina.

Para que as actividades non pesen demasiado (e dificulten así o seu uso) non pñas máis de tres actividades Flash en cada paquete de actividades do Notebook.

Cada actividade ten un botón **EDIT** que te permite personalizar a actividade e un botón **HELP**  que indica as instrucións para facer a actividade (en inglés)

Fai clic en **EDIT** para empezar. Enche os ocios en branco e fai as seleccións necesarias para facer a actividade. Podes combinar as actividades flash con texto, imaxe ou son como nas actividades normais do Notebook.

Se queres protexer as túas actividades para que non poidan ser modificadas podes engadir un contrasinal facendo clic en **PASSWORD**

A maioría das actividades teñen un botón **CHECK** que permite comprobar os resultados, un botón **RESET** que volve a empezar a actividade e un botón **SOLVE** que permite resolver a actividade.

Algunhas actividades son:

Category sort :	Organiza as palabras en dúas ou tres categorías.
Image match	Relaciona ata 5 palabras coas súas respectivas imaxes. Para engadir unha imaxe, insertaa e logo manda ao fondo
Keyword match	Une as palabras coas súas definicións
Multiple choice	Crea ata 10 preguntas de resposta múltiple
Note reveal	Descubre cinco liñas de texto de forma individual na orde que prefiras
Sentence arrange	Pon na orden correcta un texto de ata 8 liñas
Vortex	Clasifica en dúas categorías Descubre se é correcto ou non ao momento.

XOGOS

A sección de xogos do Activity Toolkit proporciona pezas para xogos como cartas, taboleiros, dominós...

As actividades flash pódense persoalizar para realizar xogos educativos axeitados ás unidades didácticas que se están a traballar. Inclúe: encrucillados, anagramas, e aforcados.

Para personalizar os xogos o proceso é o mesmo que nas actividades. Fai clic no botón EDIT e completa ao teu gusto.

Tipos de xogos:

Anagrama	Organiza as letras dunha determinada palabra. Ata 5 palabras Pódese dar unha pista, delimitar o tempo e escoller a velocidade
Encrucillado	Xenera o teu propio encrucillado introducindo as palabras que queiras. Pódese resolver co teclado ou co lapis
HOT SPOTS	Utiliza unha das imaxes que veñen como exemplo ou engade as túas propias Os/as xogadores/as teñen que tocar a area da imaxe para responder á pregunta
Word Biz	Os/as xogadores/as seleccionan as letras das respostas as preguntas realizadas na orde correcta. Ata 8 preguntas Pódese incluír tempo e modificar a velocidade
Word guess	Xogo do aforcado pero nesta ocasión pódese utilizar tres modalidades (fútbol, baloncesto ou tomate) Ata 10 posibles palabras. Pode incluír pistas.
Sudoku	As/os xogadoras/es teñen que completar o Sudoku . 3 niveis de dificultade. Pódese resolver co teclado virtual ou co lapis.

FERRAMENTAS

A carpeta de ferramentas (Tools) inclúe un montón de ferramentas flash que podes utilizar para engadir interactividade ás túas actividades. Tes varios exemplos de cómo utilizar estas ferramentas dentro da mesma carpeta (examples)

Algunhas das ferramentas son:

Dice	Tes varios dados interactivos diferentes para incluílos nos xogos.
Dice (imaxe ou palabra)	Crea un dado personalizado engadindo palabras ou imaxes
Checker	Esta ferramenta pódese usar para aceptar texto Fai clic na esquina da icona para cambiar o texto Para resolver lévase a opción do texto enriba da ferramenta que absorberá o texto se é correcto aparecerá "good job"
Information button	Fai clic nas frechas para abrir e editar o texto e a aparencia. Usa a ferramenta para descubrir notas cando o precisases
Question flipper	Usa estas ferramentas para alternar entre pregunta e resposta
Click and reveal	Presiona esta ferramenta para facer transparente o obxecto ou para revelar algo que estea detrás. Volve presionar e convirte en opaco ocultadoo
Random image or text tool	Engade ata 50 imaxes ou palabras que serán seleccionadas ao azar ao presionar esta ferramenta. Para engadir as imaxes ou textos fai clic na frecha

